

MEMORIA DO OBRADOIRO DE ESCRITA 2007 IMPARTIDO POR XABIER
PAZ NO IES TERRA DE TURONIO (GONDOMAR)

A ESCRITA É UN MÚSCULO, ADÉSTRASE!

1. DURACIÓN E HORARIO DO OBRADORIO

Desenvolveuse durante os meses de abril e maio en cinco bloques de dúas horas cada sesión, tendo en conta que as horas de aula son de 50 minutos.

- ❑ Xoves, 12 de abril de 13:20 a 15:00
- ❑ Xoves, 19 de abril de 13:20 a 15:00
- ❑ Luns 23 de abril de 17:00 a 18:40
- ❑ Luns, 30 de abril de 17:00 a 18:40
- ❑ Luns 7 de maio: 17:00 a 18:40

Escolleuse esta distribución horaria polo xeito de organizar as sesións: unha parte teórica e outra parte práctica.

2. MOTIVACIÓNS

O departamento de lingua galega deu moi boa acollida a esta proposta da AELG porque segue a liña que tentamos seguir ao longo destes cursos que é o do **enfoque comunicativo** do ensino da lingua e literatura e que está en conexión coa filosofía do DCB de lingua galega e literatura que di que:

"(...) A meta básica da área é o aumento da competencia comunicativa dos alumnos/as. Por iso, o enfoque máis oportuno semella ser aquel que considera a literatura como un fenómeno comunicativo e que propón un estudio integrado de literatura e lingua. Os textos literarios serán considerados, nesta perspectiva, como mensaxes producidas nunha situación moi peculiar. (...) Trátase, pois, de que os escolares sexan capaces de practicar este peculiar tipo de comunicación como receptores e -nalgúnha medida, anque sexa modesta- como emisores. (...) Será preciso, logo, facilitarlle os instrumentos para descubri-la conexión existente entre literatura e vida concreta".

E , dende logo, vimos nesta proposta unha das maneiras de facilitarlles esta conexión ao traerlles á aula un escritor/a real á vez que ser eles mesmos escritores.

En definitiva este enfoque presupón:

- que “o alumno domine as habilidades comprensivas e expresivas dos usos comunicativos” (Tusón) e polo tanto que adquiera competencia comunicativa

- que “a literatura sexa unha materia que axude ao adolescente a defenderse **da** sociedade como canle de expresión das súas inquedanzas” (Esperanza Ortega), fronte a outras materias que o axudan a defenderse **na** sociedade

Tamén quixemos aproveitar esta actividade para desviar o feito literario do ámbito propiamente académico, inzado de programas e avaliacións, abeirando por un momento a exposición teórico-descriptiva, e así potenciar a dimensión lúdica da literatura onde o alumnado sexa un elemento activo e non só un mero receptor.

3. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS ACTITUDINAIS:

Foron estes os nosos obxectivos prioritarios, xa que somos conscientes que non iamos formar escritores en tan pouco tempo

- ❑ Valoración por parte do alumnado do feito literario como algo vivo e presente no vivir cotián.
- ❑ Valoración positiva do feito literario como produto estético e socio-cultural.
- ❑ Ponteciación das capacidades creativas para que se impliquen e familiaricen cos elementos fundamentais da creación literaria.
- ❑ Valorar a creación literaria en lingua galega como expresión dos sentimentos, ideas e ideoloxía, individuais e colectivos, e como medio para enriquece-la propia personalidade.
- ❑ Interese e gusto por transmitir as ideas, sentimentos e fantasías propias.
- ❑ Creación dun ambiente de aula de solidariedade, respecto e compañeirismo perante a produción de textos alleos.
- ❑ Hábito ao traballo en grupo e individual.

OBXECTIVOS CONCEPTUAIS:

Mais tamén quixemos aportar, sen sermos moi ambiciosos, outros obxectivos de tipo **conceptual**:

- ❑ Lectura de obras e fragmentos de especial importancia na literatura do século XX
- ❑ Diferenciación dun texto literario dun non literario
- ❑ Distinguir poesía e texto narrativo
- ❑ Identificación dos elementos e das técnicas características da narrativa.
- ❑ Escribir un texto descritivo a partir dunha imaxe
- ❑ Escribir un texto descritivo a partir dun cheiro.
- ❑ Planificar e secuenciar un conto a partir dun material dado: argumento, personaxes, motivacións...

OBXECTIVOS PROCEDEMENTAIS:

- ❑ Elaboración dun relato a partir dun argumento
- ❑ Descrición de imaxes
- ❑ Descrición de cheiros

Non queremos rematar este apartado sen nomear os obxectivos deste obradoiro que Xabier resumiu dun xeito tan :

- Enxergar o proceso da escrita “creativa” e practicala un chisco.

3. METODOLOXÍA

A dinámica de aula.

1ª hora : traballo individual

Normalmente comezabase cunhas consideracións de Xabier sobre o aspecto a tratar na sesión. Seguidamente, o alumnado facía algún exercicio concreto proposto polo autor a partir das consignas que el lles daba (facer uha descrición dunha imaxe, describir un cheiro...), despois líanse individualmente en alto e finalmente Xabier facía consideracións sobre os escritos.

Neste alfar tentouse que o alumnado sexa un elemento activo: que participe, observe, invente, analice, lea. O traballo das actitudes, polo tanto, é

fundamental para crear un ambiente apropiado na aula cómodo e relaxado que invite á solidariedade, valoración e respecto polo traballo propio e dos compañeiros, así como a aceptación das críticas.

2ª hora: traballo grupal

Esta hora adicouse practicamente á elaboración dun relato. Ao comezo pretendíase que o foran facendo individualmente, fóra das horas do obradoiro, pero como non foi posible, finalmente elaborouse por grupos. Xabier deulles un argumento e facilitoulles material para construír por fases un conto.

Para iso ao comezo do obradoiro a aula dividiuse en catro grupos estables de 5-6 alumnos/as e dedicaron este espazo a planificar e desenvolver cadanseu relato, dentro das dificultades que entraña escribir un relato colectivo.

Xabier actuaba como guía, conselleiro que resolvía dúbidas, orientaba e, por suposto, criticaba os novos escritores, xa que ao final da clase líase o escrito para corrixir os posibles erros.

Xabier Paz resumiu todo o dito en dúas propostas moi pragmáticas:

- ❑ Tirar prexuízos.
- ❑ Enxergar o proceso da escrita “creativa” e practicala un chisco

4. CONTIDOS

Non deu tempo a desenvolver todos os contidos propostos por Xabier no seu plano inicial, uns por falta de tempo e outros por falta de motivación do alumnado, pero esencialmente foron estes:

Xoves 12 de abril

- ❑ Coñecernos. Quen son eu como escritor, que sodes vós como lectoras e escritoras.
 - Que lemos, que nos gusta...
 - Quen escribe, canto...
 - Que preferimos, narrativa, poesía...

- Cando e por que escribo eu?
- Curso con consellos e guións, instrucións para escribir, crear.
 - Textos cos consellos como escribir un conto
 - A alternativa ler para gozar e ler para aprender a escribir
 - A lecto-escrita. Non hai escritora que non naza dunha lectora. Formármonos como lectoras é fundamental.

Xoves 19 de abril

1ª hora

- Distinguir poesía e texto narrativo. Ambos teñen algo de coñecemento de pracer e de traballo.
 - **A Poesía**
 - As súas definicións e escribímolos.
 - Xeito, formas, linguaxe. A sensación. o sentimento (A emoción)
 - **O texto narrativo**
 - Definímolos e escribimos as súas definicións.
 - Xeito, linguaxe. As persoas e a voz do narrador.
 - A tensión narrativa. O interese lector.

2ª hora

- elaboración do conto, lectura e correccións

Luns, 23 de abril

1ª hora

A literatura e os sentidos.

- A vista.
- Exemplo práctico: ver distintas imaxes e describilas pensando que o lector é unha persoa cega.

2ª hora

- elaboración do conto, lectura e correccións

Luns, 30 de abril

1ª hora

- O olfacto.

- ❑ Exemplo práctico: ulir unha serie de especias e describir sen nomear a orixe do recendo ou do fedor.

2ª hora

- ❑ elaboración do conto, lectura e correccións

Luns, 7 de maio

1ª hora

- ❑ Literatura e sentimentos
- ❑ Facer un texto calquera sobre o amor ou o odio a elixir.

2ª hora

- ❑ elaboración do conto, lectura e correccións finais para elaborar o escrito definitivo.